

## **CONCELLO DA CAPELA:**

### **Perfil do contratante: anuncio**

#### **Datos xerais**

Denominación: SERVIZOS DOCENTES NAS ESCOLAS DEPORTIVAS MUNICIPAIS E PISCINA MUNICIPAL

Natureza: Contrato administrativo típico - Servizos

Suxeito a regulación harmonizada: Non

Procedemento de adxudicación: Negociado con publicidade

Garantía provisional esixible: Non.

Non Clasificación: Non esixible

#### **Orzamento**

Orzamento sen IVE:

a) hora de docencia: 20,93 € /hora.

b) Socorrista piscina municipal: 5394€/ano

Orzamento con IVE:

a) hora de docencia: 22,50€/horas

b) Socorrista piscina municipal: 5.800€ /ano

#### **Anuncio de contratación**

Tipo de anuncio: Anuncio de licitación

Publicación no perfil: 17.11.08

Presentación de proposicións:

ata as 13:00 horas do día 24.11.2008 no Rexistro Xeral do Concello.

As Neves, 46 15613 - A CAPELA

Teléfono 981 45 90 06

Fax 981 45 93 71

Correo electrónico: correo@acapela.dicoruna.es

#### **Documentos**

Prego de cláusulas administrativas Particulares

Prego de prescricións técnicas Particulares (Anexo 3)

# **PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES PARA A CONTRATACIÓN MEDIANTE PROCEDIMIENTO NEGOCIADO DA PRESTACIÓN DOS SERVIZOS DOCENTES NAS ESCOLAS DEPORTIVAS MUNICIPAIS E SOCORRISTA NA PISCINA MUNICIPAL.**

## **1.- OBXECTO DO CONTRATO.-**

O presente contrato ten por obxecto a prestación dos servizos docentes nas Escolas deportivas municipais e socorrista na piscina municipal.

## **2.- ORZAMENTO MÁXIMO DE LICITACIÓN.-**

- a) Hora de docencia sen ive: 20,93€.
- b) Socorrista piscina municipal sen ive: 5.394€.
- c) Hora de docencia con ive: 22,50€.
- d) Socorrista Piscina Municipal con ive: 5.800€.

A partir do exercicio 2009 os prezos incrementaranse no IPC que publique o Instituto Nacional de Estatística.

## **3.- FINANCIACIÓN.-**

Para atender ás obrigas derivadas do presente contrato, existe crédito suficiente no orzamento municipal para o exercicio 2008, con cargo á aplicación presupostaria 2008. 4.22. Nos restantes exercicios deberá consignarse presupostariamente.

## **4.- REVISIÓN DE PREZOS.-**

Os prezos de contratación comprendidos neste contrato non poderán ser obxecto de revisión en ningún caso, e polo tanto non se aplicará ningunha fórmula de revisión.

## **5.- FORMA E PROCEDIMIENTO DE ADXUDICACIÓN.-**

O contrato adxudicarase mediante procedemento negociado con publicidade, a tales efectos e tendo en conta o establecido no artigo 161.2, en relación co 126.4 da LCSP publicarase anuncio de licitación no Perfil do contratante na páxina Web oficial do concello: [www.concellodacapela.es](http://www.concellodacapela.es)

## **6.- CAPACIDADE PARA CONTRATAR.-**

As empresas que concorran ó procedemento negociado para a licitación e contratación de referencia, xa sexan persoas naturais ou xurídicas deben de ter plena capacidade de obrar, e non atoparse comprendidas en ningunha das circunstancias que enumera o artigo 43 e 49 da LCSP. Asimesmo deberán acreditar a súa solvencia económica financeira e técnica.

## **7.- CLASIFICACIÓN DO CONTRATISTA.-**

Dada a contía do presente contrato non é preciso estar debidamente clasificado (artigo 54.1 da LCSP).

## **8.- DURACIÓN DO CONTRATO.-**

A duración do contrato establécese nun máximo de tres anos ( 3), sen posibilidade de acudir a prórroga de ningún tipo.

## **9.- PROPOSICIÓNS: LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN.-**

As proposicións para poder tomar parte na licitación, presentaranse no lugar e prazo que se indican nos epígrafes 6 e 7 do cadro de características do contrato, dentro do prazo dos oito días naturais a contar do día seguinte ó da recepción da invitación, en horas de 9 a 13 e en dous sobres pechados, que poderán ser lacrados e precintados, asinados polo licitador ou persoa que os represente, e coa documentación e requisitos esixidos na cláusula 10ª.

## **10.- PROPOSICIÓNS: documentación**

### **10.1.- Sobre A: subtítulo "Documentación".**

Conterá a seguinte documentación:

A) Documento acreditativo da personalidade xurídica do empresario

A-1) Empresario individual: fotocopia do NIF, pasaporte ou documento que o substitúa.

A-2) Persoas xurídicas: escritura de constitución ou modificación se é o caso, inscrita no Rexistro Mercantil, cando este requisito fose esixible conforme á lexislación mercantil que lle sexa aplicable.

Se non o for: escritura ou documento de constitución, de modificación, estatutos ou acto fundacional, no que conste as normas polas que se regula a súa actividade, inscritos, se é o caso no correspondente Rexistro Oficial.

- Fotocopia da tarxeta de código de identificación fiscal (CIF), debidamente compulsada.

A-3) Empresas comunitarias.

A capacidade de obrar das empresas non españolas de Estados Membros da Unión Europea acreditarase mediante a inscrición no Rexistro procedente de acordo coa lexislación do Estado onde están establecidos ou mediante a presentación dunha declaración xurada ou un certificado, nos termos que se establezan regulamentariamente, de acordo coas disposicións comunitarias de aplicación.

A.4) Empresas non españolas de estados signatarios do acordo sobre o Espazo Económico Europeo (Islandia, Liechtenstein e Noruega).

A capacidade de obrar destas empresas acreditarase mediante a inscrición no Rexistro procedente de acordo coa lexislación do Estado onde están establecidos ou mediante a presentación dunha declaración xurada ou un certificado, nos termos que se establezan regulamentariamente, de acordo coas disposicións comunitarias de aplicación (Disposición adicional 17 LCSP).

A-5) Empresas non comunitarias.

1.- Os empresarios estranxeiros deberán acreditar a súa capacidade de obrar con informe da Misión Diplomática Permanente de España no Estado correspondente ou da Oficina Consular en cuxo ámbito territorial radique o domicilio da empresa.

2.- Informe de reciprocidade: as persoas físicas ou xurídicas de Estados non pertencentes á Unión Europea deberán xustificar mediante informe expedido pola Misión Diplomática Permanente Española, na que se faga constar que o Estado de procedencia da empresa admite pola súa vez a participación de empresas españolas na contratación coa administración en forma substancialmente análoga.

Nos contratos suxeitos a regulación harmonizada prescindirase do informe sobre a reciprocidade en relación coas empresas de Estados signatarios do acordo sobre Contratación Pública da Organización Mundial de Comercio.

A-6) Disposición común a empresas estranxeiras (comunitarias ou non comunitarias): declaración de sometemento á xurisdición de tribunais e xulgados españois.

As empresas estranxeiras deberán presentar unha declaración de sometemento á xurisdición dos Tribunais e Xulgados españois de calquera orde, para todas as incidencias que de modo directo ou indirecto puidesen xurdir do contrato, con renuncia se é o caso, ao foro xurisdiccional estranxeiro que lle puidese corresponder ao licitante (art. 130.1.d da LCSP)

B) Empresas estranxeiras non comunitarias: sucursal en España.

Documento acreditativo de que a empresa ten aberta sucursal en España, con designación de apoderados ou de representantes para as súas operacións e que estea inscrita no Rexistro Mercantil. (art. 44.2 do LCSP).

C) Poderes:

Cando a licitador non actúe en nome propio ou se trate de sociedade ou persoa xurídica, deberá acompañarse poder notarial para representar á persoa ou entidade en cuxo nome concorre perante a administración contratante.

O poder deberá figurar inscrito previamente no Rexistro Mercantil nos casos en que a dita inscrición sexa esixida polo Regulamento do Rexistro Mercantil

D) Bastanteo de poderes:

Os poderes a que se refire o apartado c) da presente cláusula, deberaos bastantear previamente o secretario da Corporación ou funcionario habilitado.

E) Prohibicións para contratar ou incompatibilidades:

Declaración responsable de que a empresa interesada non está incurso en ningunha das prohibicións para contratar ou incompatibilidades establecidas no artigo 130 e 49 do LCSP, axustado ao seguinte modelo:

D./D<sup>a</sup>

Con DNI

e domicilio en

provincia de

rúa nº

en nome propio ou en representación da empresa

á que representa no procedemento de adxudicación do contrato de execución da obra

- Título:

Declara que nin a empresa nin os seus administradores ou órganos de dirección están incurso en prohibicións de contratar coa administración establecidas no art. 49 e 130.1.c) da LCSP

Así mesmo declara que está ao corrente do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

(Lugar, data e sinatura do proponente)

F) Clasificación e acreditación de solvencia mediante compromiso de adscribir á execución os medios persoais ou materiais suficientes para iso:

F.1 Documento de clasificación empresarial: certificación expedida pola Xunta Consultiva de Contratación Administrativa do Ministerio de Facenda (ou órgano correspondente da Comunidade Autónoma de Galicia de estar clasificado nos grupos, subgrupos e categoría que se especifiquen no proxecto, no caso de que se esixa clasificación de acordo co disposto na cláusula 7 do presente prego e epígrafe 5 do cadro de características.

Non obstante, para as empresas non españolas de estados membros da Comunidade Europea que non estean clasificadas será suficiente que acrediten perante o órgano de Contratación a súa solvencia económica e financeira por calquera dos medios a que se refire o art. 64 do LCSP e a solvencia técnica mediante relación das obras executadas no curso dos últimos cinco anos, acompañada de certificados de boa execución para as máis importantes.

F.2 Compromiso de adscribir á execución os medios persoais ou materiais suficientes para iso. Para estes efectos os licitadores deberán concretar os medios materiais e

persoais que se adscribirán á obra, de conformidade co disposto 53.2 da LCSP. Neste sentido, os licitadores deberán achegar a seguinte documentación:

- Medios persoais:

A) Relación de méritos do delegado, xefe de obra e encargado xeral que poña de manifesto a súa idoneidade pola súa experiencia na execución de obras con idénticas características ás do contrato, na que se indicará a súa titulación académica e profesional.

B) nº de traballadores especificando se son fixos ou temporais ou calquera outra modalidade.

- Medios materiais:

- Relación de maquinaria, equipos e medios auxiliares que o licitador adscribirá ás obras, axeitada ás súas características de acordo coas necesidades establecidas no programa de traballo.

- Parte do contrato que teñan previsto subcontratar, sinalando o seu importe, e o nome ou o perfil do empresario, definido por referencia as condicións de solvencia técnica dos subcontratistas aos que se vaia encomendar a súa realización (art. 210.2.a) LCSP). Non obstante, de acordo co previsto na cláusula 35.B do presente prego, requirirá autorización previa da administración.

A non idoneidade ou a non xustificación dos medios persoais e materiais propostos, segundo criterio da mesa de contratación, terá carácter excluínte.

O incumprimento deste compromiso de adscrición considerarase incumprimento de obriga esencial para os efectos dispostos no art. 206 g) LCSP. Non obstante, o órgano de Contratación poderá optar pola imposición de penalidades nos termos da cláusula 33 do presente prego.

G) Acreditación de solvencia económica e financeira e solvencia técnica:

No caso de que non sexa esixible a clasificación para a obra, os licitadores deberán acreditar a solvencia económica e financeira por calquera dos medios a que se refire o art. 64 da LCSP e a solvencia técnica mediante: 1º .- a relación das obras executadas no curso dos últimos cinco anos, acompañada de certificados de boa execución para as mais importantes e 2º .-compromiso de adscribir á execución os medios persoais ou materiais suficientes para iso. Para estes efectos os licitadores deberán achegar a seguinte documentación:

- Medios persoais:

A) Relación de méritos do delegado, xefe de obra e encargado xeral que poña de manifesto a súa idoneidade pola súa experiencia na execución de obras con idénticas características ás do contrato, na que se indicará a súa titulación académica e profesional.

B) nº de traballadores especificando se son fixos ou temporais ou calquera outra modalidade.

- Medios materiais:

a) Relación de maquinaria, equipos e medios auxiliares que o licitador adscribirá ás obras, axeitada ás súas características de acordo coas necesidades establecidas no programa de traballo.

- Parte do contrato que teñan previsto subcontratar, sinalando o seu importe, e o nome ou o perfil do empresario, definido por referencia as condicións de solvencia técnica dos subcontratistas aos que se vaia encomendar a súa realización (art. 210.2.a) LCSP). Non obstante, de acordo co disposto na cláusula 35.B do presente prego, requirirá autorización previa da administración.

A non idoneidade ou a non xustificación dos medios persoais e materiais propostos, segundo criterio da mesa de contratación, terá carácter excluínte

O incumprimento deste compromiso de adscrición considerarase incumprimento de obriga esencial para os efectos dispostos no art. 206 g) LCSP. Non obstante, o órgano de Contratación poderá optar pola imposición de penalidades nos termos da cláusula 33 do presente prego.

H) Unións temporais de empresas.

Indicación dos nomes e circunstancias das empresas que a constitúen, participación de cada unha delas e compromiso de constituírse formalmente en UTE, caso de resultar adxudicatarias, de conformidade co artigo 48 da LCSP e cláusula 8 do presente prego.

I) Declaración de empresas vinculadas.

No caso de que a empresa concorra á licitación con empresas pertencentes a un mesmo grupo, nos termos a que se refire o art. 129 da LCSP, presentárase necesariamente unha declaración indicando esta circunstancia e o nome ou a súa denominación social, debendo constar este documento en cada unha das ofertas formuladas por todas as empresas vinculadas que concorran á licitación.

J) Rexistro oficial de licitadores e empresas clasificadas do Estado ou das Comunidades Autónomas e rexistro voluntario de documentación de empresas contratistas da Deputación da Coruña:

Os licitadores poderán indicar o rexistro no que estean inscritas acompañando a correspondente certificación onde se recollan os puntos a que se refire o art. 303 da LCSP, en cuxo caso estarán dispensados de presentar os datos que figuren inscritos, sen prexuízo de que a administración poida solicitar aqueles datos ou documentos que estime necesarios a fin de verificar ou comprobar a súa exactitude ou vixencia .

Non obstante aquelas empresas que con carácter voluntario figuren inscritas no Rexistro de documentación de empresas contratistas da Deputación Provincial da Coruña, acompañarán unha copia do informe relativo aos datos inscritos ou a simple referencia ao número de inscrición no Rexistro e en consecuencia as empresas que figuren inscritas no Rexistro de Contratistas da Deputación Provincial da Coruña (Ordenanza reguladora do rexistro de documentación de empresas contratistas da Deputación Provincial da Coruña, do rexistro de contratos e do rexistro de convenios, publicada no BOP Núm. 64 con data do 20 de marzo de 1998) quedarán dispensadas de presentar os documentos referidos nos apartados: A), B), C), D), E) e F.1) sempre que os citados documentos estean vixentes.

K) Autorización para a cesión de información relativa a obrigas tributarias e da Seguridade Social co Estado en procedementos de contratación.

Axustarase ao seguinte modelo:

D./D<sup>a</sup>

con residencia

provincia de

rúa n<sup>o</sup>

segundo DNI n<sup>o</sup>

en nome propio ou da empresa

á que representa no procedemento de adxudicación do contrato de execución da obra

- Título:

Autoriza á administración contratante a solicitar a cesión da información por medios informáticos ou telemáticos, sobre a circunstancia de estar ou non ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado e da Seguridade Social para os efectos do procedemento de contratación do expediente anteriormente indicado, de acordo co establecido na Lei orgánica 15/1999 do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, Lei do imposto sobre a renda das persoas físicas e a Lei do imposto de sociedades e outras normas tributarias e da Seguridade Social e demais disposicións de aplicación, sempre que o órgano de Contratación o estime oportuno.

(Lugar, data e sinatura do propoñente)

L) Índice de documentos que integran o sobre.

Farase constar, dentro do sobre e na primeira páxina, en folla independente, un índice dos documentos que o integran, enunciado numericamente.

## **10.2 Sobre B: Subtitulado "Oferta económica".**

Conterá a proposición económica conforme ó modelo que figura como anexo II deste prego.

## **11.- DOCUMENTOS: ORIXINAIS E COPIAS.-**

Os documentos que se acompañan ás proposicións deberán ser orixinais. Non obstante, admitiranse fotocopias dilixenciadas polo secretario ou funcionario en quen delegue, nas que se faga constar que foron compulsadas cos seus orixinais.

## **12.- GARANTÍA PROVISIONAL.-**

En consonancia co disposto no artigo 91 os licitadores quedan dispensados da constitución da garantía provisional .

## **13.- CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN.-**

- a) Mellor oferta.
- b) Programa de docencia.
- c) Prestación dos mesmos servizos en concellos e melloras propostas.

## **14 .- ADXUDICACIÓN PROVISIONAL E DEFINITIVA.-**

- a) Adxudicación provisional.

A adxudicación provisional acordarase polo órgano de contratación en resolución motivada que se notificará ós licitadores e publicarase no perfil do contratante do órgano de contratación, segundo se indica no epígrafe 8 do cadro de características, e se os interesados o solicitan facilitaráselles información, nun prazo de 5 días hábiles dos motivos do rexeitamento da súa proposición, e das características da proposición do adxudicatario que foron determinantes da adxudicación ó seu favor.

- b) Adxudicación definitiva.

A elevación a definitiva da adxudicación provisional non poderá producirse antes de que transcorran quince días hábiles contados dende o seguinte a aquel en que se publique no perfil do contratante do órgano de contratación, segundo se indica no epígrafe 8 do cadro de características.

Durante este prazo, o adxudicatario provisional deberá:

- a) presentar a documentación xustificativa de estar ó corrente do cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade social.
- b) Constituir a garantía definitiva por importe do 5% do importe de adxudicación, excluindo o imposto sobre o valor engadido, por calquera dos medios ós que se refire o artigo 84 da LCSP.

## **15.- FORMALIZACIÓN DO CONTRATO.-**

O contrato formalizarase en documento administrativo dentro do prazo dos dez días hábiles contado dende o seguinte ó da notificación da adxudicación definitiva.

## **16.- COMENZO DA PRESTACIÓN DOS SERVIZOS.-**

A prestación efectiva dos servizos descritos na cláusula primeira do presente prego, comenza en todo caso o día vinte un de decembro de dous mil oito.

## **17 .- DIRECCIÓN TÉCNICA E INSPECCIÓN.-**

É competencia do concello a través do concelleiro delegado de obras e servizos exercer de maneira continuada a inspección e vixilancia da prestación dos servizos.

## **18.- LEXISLACIÓN LABORAL E SEGURIDADE SOCIAL.-**

O contratista deberá observar as disposicións vixentes en materia laboral e seguridade social.

## **19.- PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS.-**

O contratista deberá observar as disposicións vixentes en materia de seguridade e hixiene no traballo e prevención de riscos laborais.

## **20.- RESPONSABILIDADE. DANOS.-**

Será de conta do contratista a responsabilidade derivada de tódolos danos prexuízos e accións de calquera natureza que sexan ocasionados a terceiras persoas, polo seu persoal, a súa maquinaria ou como consecuencia dos traballos realizados.

## **21.- PAGOS.-**

A prestación do Servizo regulada no presente prego pagarase ó contratista adxudicatario de xeito mensual, unha vez presentada factura con tódolos requisitos esixidos na lexislación vixente.

## **22.-CAUSAS DE RESOLUCIÓN.-**

Serán as previstas nos artigos 206 e 220 do LCSP, cos efectos previstos no artigo 208 e 222.

## **23.- RÉXIME XURÍDICO.-**

O presente contrato de prestación de servizos ten carácter administrativo, e ambas partes quedan sometidas expresamente á lexislación de contratos do sector público e normas complementarias) e se é o caso da Comunidade Autónoma de Galicia nos termos do artigo 149.1.18 da Constitución así como as demais disposicións de desenvolvemento, en especial o regulamento de desenvolvemento; supletoriamente aplicaranse as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

As cuestións litixiosas xurdidas sobre interpretación, modificación, resolución e efectos deste contrato serán resoltos polo órgano de contratacións, cuxos acordos poñerán fin á vía administrativa e contra estes haberá lugar a recurso contencioso-administrativo, conforme ó disposto pola Lei reguladora da devandita xurisdicción, previa interposición, se é o caso, do recurso de reposición potestativo e sen prexuízo da interposición de calquera outro recurso que os interesados estimen procedente. Nos supostos a que se refire o artigo 37 da LCSP os interesados deberán interpoñer o recurso especial en materia de contratación.

A CAPELA, 11 de novembro de 2008

**Vº E PRACE,  
O ALCALDE-PRESIDENTE,**

**O SECRETARIO,**

**Asdo.: Angel López Sueiro.**

**Asdo.: José A. Meizoso Paz.**

## **ANEXO N° 1 CADRO DE CARACTERISTICAS DO CONTRATO**

Epígrafe O. REGULACIÓN ARMONIZADA

A) contrato non suxeito á regulación harmonizada

B) contrato suxeito á regulación harmonizada

Epígrafe 1. OBXECTO: Servizos docentes nas escolas deportivas municipais e socorrista na Piscina municipal.

Epígrafe 2. PRESUPUESTO:

1.- Docencia escolas deportivas municipais

A) Hora/docencia sen ive: 20,93€

B) Hora/docencia con ive: 22,50€

2.- Socorrista piscina municipal:

A) Prezo sen ive : 5.394€

B) Prezo con ive: 5.800€

Epígrafe 3. APLICACIÓN PRESUPOSTARIA: 2008.4.22

Epígrafe 4. PRAZO DE PRESTACIÓN DO SERVIZO: 3 anos

Epígrafe 5. CLASIFICACIÓN: NON SE ESIXE POLA CONTÍA DO CONTRATO

Epígrafe 6. LUGAR DE PRESENTACIÓN DE OFERTAS : Secretaría do Concello da Capela (As Neves, 46 A - 15613 - A CAPELA)

Epígrafe 7. PRAZO DE PRESENTACIÓN DE OFERTAS: ata as 13,00 horas do 8º día natural ó da publicación de anuncio no perfil do contratante da páxina web oficial do Concello da Capela. [www.concellodacapela.es](http://www.concellodacapela.es)

Epígrafe 8. PERFIL DE CONTRATANTE:

Epígrafe 9. GARANTÍA PROVISIONAL: non se esixe

Epígrafe 10 GARANTÍA DEFINITIVA: 5% do prezo de adxudicación IVA excluído.

Epígrafe 11 TASAS DO CONRATO : non se esixe

Epígrafe 12. REVISIÓN DE PREZOS: No

Epígrafe 13. IMPORTE MÁXIMO DOS GASTOS DE PUBLICIDADE A COSTA DO CONTRATISTA: 0 €

Epígrafe 14 (Cláusula 18) LUGAR DE EXECUCIÓN: CONCELLO DA CAPELA. (ÁMBITO TERRITORIAL).

Epígrafe 15. (Cláusula 24) FORMA DE PAGO: PAGO MENSUAL

### **OUTROS DATOS:**

INFORMACIÓN: 981 45 90 06

LUGAR ONDE SE PODEN OBTEN COPIAS DO PREGO: Secretaría - Casa do Concello da Capela

## ANEXO Nº 2: MODELO DE OFERTA ECONÓMICA

### MODELO DE OFERTA ECONOMICA

D.....con enderezo....., rúa.....nº....., código postal....., teléfono..... fax..... titular do NIF número....., actuando en nome propio (ou en representación de....., con NIF/CIF..... e enderezo en....., rúa.....nº....., código postal....., teléfono.....fax.....), toma parte no procedemento negociado con publicidade convocado polo Concello da Capela, mediante anuncio publicado no perfil do contratante ([www.concellodacapela.es](http://www.concellodacapela.es)) para o Servizo de "Docencia nas escolas deportivas municipais e socorrista na piscina municipal", e fai constar que coñece e acepta o prego de cláusulas administrativas e técnicas que rexe dito contrato e que se compromete a realizar o servizo con suxeición ó mesmo, polo importe que se sinala a continuación:

CONCEPTO	A) PREZO SEN IVE	B) IVE	TOTAL (A+B)
"Docencia nas escolas deportivas municipais e socorrista na piscina municipal",	1.- Hora/docencia: 20,93€	1.- Hora/docencia: 1,57€	22,50€
	2.- Socorrista: 5.394€	2.- Socorrista: 406€	5.800€

Na....., a ..... de ..... de 2008

O Licitador (Asinado e rubricado).

### **ANEXO Nº 3: PREGO DE PRESCRICIÓN TÉCNICAS DO CONTRATO**

1.- A prestación do Servizo comprenderá a docencia por monitor/a titulado/a nas especialidades que cada ano oferte o concello nas Escolas deportivas municipais.

2.- O período de docencia das escolas deportivas municipais comprenderá normalmente dende o día 1º de outubro de cada ano ata o 31 de maio do exercicio seguinte, ou ben o calendario que fixe o concelleiro delegado de cultura.

3.- A docencia realizarase en instalacións e dependencias de titularidade municipal e será de cargo dos usuarios todos aqueles elementos que permitan a práctica da actividade deportiva, non obstante serán por conta do concello aqueles materiais que permitan a práctica deportiva nos deportes de equipo ou colectivos, a tales efectos non deberá funcionar ningunha escola deportiva na que a lo menos non se conte con dez participantes.

4.- A prestación do servizo de socorrista comprenderá a posta a disposición dun socorrista titulado no período de apertura da piscina municipal que abarca normalmente o período comprendido entre o día 1 de xullo ata o 31 de agosto de cada ano, así como a docencia mediante monitor/a titulado/a que imparetirá ó longo dun mes xullo ou agosto cursos de iniciación ou perfeccionamento de natación.

